

## **PENSAR E XOGAR: FILOSOFÍA PARA CRIANZAS**

Este curso pretende axudar ao profesorado de Infantil e Primaria a coñecer a práctica nas aulas da Filosofía para Crianzas. Esta liña de traballo ven ofrecendo (dende os anos 70 do século pasado) unha achega rigorosa e sistemática perante o reto de acompañar á infancia na mellora das súas habilidades de pensamento.

### **OBXECTIVOS**

- Dar a coñecer os fundamentos teóricos da Filosofía para Crianzas.
- Aprender de diferentes experiencias prácticas.
- Axudar ás persoas participantes a deseñar unha sesión de Filosofía para Crianzas: recursos, materiais, temporalización, avaliación, rexistro, etc.
- Facilitar a avaliación crítica da sesión deseñada e/ou implementada.

### **CONTIDOS**

- O movemento da Filosofía para Crianzas: orixes, materiais e traxectoria mundial.
- Pensamento e infancia: as habilidades de pensamento como "mapa" para achegármolos á mente infantil.
- Actitudes e valores: a ética nas aulas.
- O diálogo crítico, creativo e coidadoso: a comunidade de investigación.
- As sesións de Filosofía para Crianzas: pensar con contos, arte e xogos.

### **METODOLOXÍA**

O curso desenvolverase, sobre todo, a través da lectura de diferentes materiais e o diálogo no Foro. O profesorado participante haberá de entregar, en cada módulo, un traballo escrito coas reflexións que vaia xerando. No módulos finais elaborárase e implementárase unha micro-práctica de aula.

Segundo indica a lexislación vixente sobre Formación do Profesorado, non se poderá cursar máis dunha actividade formativa en liña simultaneamente.

### **TEMPORALIZACIÓN**

O curso terá lugar entre o 15 de febreiro e o 20 de marzo.

## **TITOR**

Javier F. Rouco Ferreiro: Mestre de Educación Infantil e profesor Asociado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña. Dende hai dez anos ven investigando e poñendo en práctica as posibilidades da Filosofía para Crianzas nas aulas, impartindo numerosos cursos en diferentes comunidades autónomas sobre este tema.